



CEIP, RAMÓN CABANILLAS: PLAN DE CONTINXENCIA DO CENTRO EDUCATIVO

O presente Plan de Continxencia do centro educativo CEIP. Ramón Cabanillas ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DO GROMO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un espazo separado de uso individual, colocárselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.

O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houber cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

Para o caso de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Infantil, primeiro de primaria e segundo de primaria farán uso dos servicios dixitais educativos corporativos. Cada titor/a determinará a forma de levar a cabo dita atención regulando tempos de conexión co seu alumnado atendendo as características individuais de cada grupo. Respectaranse as cargas horarias de cada área ou materia.
- De terceiro a sexto de primaria empregaranse ferramentas de comunicación, webex ou falemos ,E-Dixgal e a Aula Virtual do control. Achéganse os horarios para o ensino virtual en caso de ser necesario.
- O momento de conexión realizarase coa suficiente antelación para o aproveitamento do período lectivo establecido nos cadros horarios achegados.
- As familias serán informadas polo titor/a das normas establecidas polo centro para esta modalidade de ensino aprendizaxe, así como do control da asistencia e participación do alumnado a través dos medios telemáticos.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma

Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- a) O mesmo día do peche a dirección do centro enviará unha comunicación a través de Abalarmóbil e publicará unha nova na web do centro.
- b) O mesmo día da suspensión da actividade presencial, o alumnado estará en disposición de continuar coa actividade lectiva a través das ferramentas indicadas anteriormente, en E-Dixgal (5º e 6º) e aulas virtuais de 3º e 4º nivel de Primaria, así coma dos posibles métodos empregados nas aulas de 1º e 2º de Primaria e nos distintos niveis de Educación Infantil que o profesorado determine.
- c) As comunicación coas familias serán a través de medios telemáticos.
- d) A web do Centro será o portal de referencia informativa para a comunidade educativa.

e) Para información individuais usaranse o correo electrónico e Abalarmóbil. O profesorado habilitará en E-Dixgal e nas aulas virtuais do centro os recursos , as actividades e as tarefas que deberá realizar o alumnado e trasladará orientacións ás familias, especialmente para o alumnado menor de idade. Estes recursos poderán remitirse aos libros de texto a fichas específicas e a actividades en liña, entre outros. Garantirase en todo momento a atención a diversidade do alumnado, prestando especial atención aos protocolos de atención á diversidade. O centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas.

e) Normas e horarios:

Atendendo ao establecido no “Plan de ensino virtual ante a Covid” cada grupo-aula contará ao menos cunha sala de comunicación telemática por parte do titor ou titora e/ou doutras para o profesorado especialista, das que serán coñecedores o alumnado e familias.

<https://eduxunta.webex.com/meet/...> ou <https://falemos.edu.xunta.gal/...>

- Os horarios serán públicos para o alumnado e familias na web do centro e aplicados en cada unha das aulas virtuais e na plataforma E-Dixgal do Centro (3º,4º,5º e 6º nivel de Primaria)
- A conectividade estará asegurada segundo o contemplado no citado plan, por medio do procedemento de xestión de equipamento, instrucións de entrega de equipos, acordo de cesión de equipo ao alumnado e de entrega ao centro.

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/modelo_acordo_cesion_recollida_equipamento.pdf

- Tanto a puntualidade como a propia asistencia e normas de comportamento atenderán ao disposto no NOF (normas de organización e funcionamento) do Centro no apartado “adaptación ao plan de ensino virtual”.

3º A

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAT. Webex/Tarefas	MAT. Webex	L.C. Tarefas	MAT. Tarefas	MAT. Webex
L.I. Webex	L.C. Webex/Tarefas	L.G. Webex	E.F. Webex	MUS. Webex/Tarefas
L.C. Webex	R-V Webex/Tarefas	C.N. Webex	L.G. Webex	L.I. Webex
L.G. Webex/Tarefas	L.G. Tarefas	C.S. Webex	C.S. Webex	L.C. Webex
C.S. Tarefas	L.I. Tarefas	E.F. Webex/Tarefas	C.N. Webex/Tarefas	PLÁST. TIRORÍA ALUMNOS
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

3º B

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAT. Webex/Tarefas	MAT. Webex	MAT. Tarefas	MAT. Webex	C.S. Webex
C.S. Webex	L.C. Webex/Tarefas	L.G. Tarefas	L.C. TIRORÍA ALUMNOS	L.G. Webex
L.C. Webex	L.I. Tarefas	L.C. Webex	L.I. Webex	MUS. Webex/Tarefas
L.G. Webex/Tarefas	L.G. Webex	E.F. Webex	C.N. Webex	E.F. Webex/Tarefas
L.I. Webex	C.N. Webex/Tarefas	R-V * Webex/Tarefas	C.S. Tarefas	PLAST.*
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

3º C

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
L.I. Webex	MAT. Webex/Tarefas	MAT. Webex	MAT. Tarefas	MAT. Webex
L.C. Webex/Tarefas	L.C. Webex	L.G. Webex	L.C. Webex	L.C. Tarefas
L.G. Webex	L.G. Webex/Tarefas	E.F. Webex	L.G. Tarefas	PLÁST. TIRORÍA ALUMNOS
C.S. Webex	C.N. Webex	L.I. Tarefas	C.S. Webex	MUS. Webex/Tarefas
C.N. Webex/Tarefas	R-V Webex/Tarefas	C.S. Tarefas	L.I. Webex	E.F. Webex/Tarefas
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

4º A

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAT. Webex/Tarefas	L.I. Webex	L.I. Tarefas	MAT. Webex	MAT. Tarefas
E.F. Webex/Tarefas	MAT. Webex	L.C. Webex/Tarefas	L.I. Webex	E.F. Webex
R-V Webex/Tarefas	C.N. Webex	C.S. Webex	PLÁST. Webex/Tarefas	L.G. Webex
L.C. Webex	L.G. Tarefas	L.G. Webex	L.C. Webex	Xadrez Webex/Tarefas
C.S. Webex/Tarefas	MUS. Webex/Tarefas	C.N. Webex/Tarefas	L.G. Webex/Tarefas	L.C. TIRORÍA ALUMNOS
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

4º B

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
E.F. Webex	MAT. Webex	L.C. Webex/Tarefas	MAT. Tarefas	E.F. Webex/Tarefas
L.C. Webex	R-V Webex/Tarefas	L.I. Tarefas	L.G. Webex/Tarefas	L.G. Webex
MAT. Webex/Tarefas	MUS. Webex/Tarefas	PLÁST. Webex/Tarefas	L.I. Webex	MAT. Webex
C.S. Webex/Tarefas	L.G. Webex	L.G. Tarefas	L.C. Webex	L.C. TIRORÍA ALUMNOS
L.I. Webex	C.N. Webex	C.S. Webex	C.N. Webex/Tarefas	Xadrez. Webex/Tarefas
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

5° A

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAT. Webex	MAT. Webex	E.F. Webex/Tarefas	MAT. Tarefas	MAT. TIRORÍA ALUMNOS
L.I. Webex	E.F. Webex	MAT. Webex/Tarefas	L.C. Webex	L.C. Webex
L.C. Webex/Tarefas	L.G. Tarefas	L.C. Tarefas	MUS. Webex/Tarefas	L.I. Tarefas
R-V Webex/Tarefas	L.I. Webex	L.G. Webex/Tarefas	L.G. Webex	L.G. Webex
C.N. Webex	C.S. Webex/Tarefas	C.S. Webex	PLÁST. Webex/Tarefas	C.N. Webex/Tarefas
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

5° B

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAT. Webex	E.F. Webex	MAT. Webex	MAT. Tarefas	MAT. TIRORÍA ALUMNOS
L.C. Webex/Tarefas	MAT. Webex/Tarefas	E.F. Webex/Tarefas	MUS. Webex/Tarefas	L.I. Webex
L.I. Webex	L.G. Webex	L.C. Tarefas	L.C. Webex	L.C. Webex
C.N. Webex	C.S. Webex	PLAST. Webex/Tarefas	L.G. Webex/Tarefas	L.G. Tarefas
R-V Webex/Tarefas	L.I. Tarefas	L.G. Webex	C.S. Webex/Tarefas	C.N. Webex/Tarefas
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

6º A

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
R-V Webex/Tarefas	MAT. Webex/Tarefas	MAT. Tarefas	E.F. Webex	MAT. TIRORÍA ALUMNOS
MAT. Webex	L.C. Webex	L.I. Webex	MAT. Webex	E.F. Webex/Tarefas
L.C. Webex	L.G. Webex	L.G. Webex	L.C. Tarefas	L.G. Tarefas
C.S. Webex	Robot. Webex/Tarefas	C.S. Webex	MUS. Webex/Tarefas	L.I. Webex
L.I. Tarefas	C.N. Webex/Tarefas	PLÁST.(E.V..3ºB) Webex/Tarefas	C.N. Webex	C.S. Tarefas
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

6º B

LUNES	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MAT. Webex	MAT. Webex/Tarefas	MAT. Webex	MAT. Tarefas	MAT. TIRORÍA ALUMNOS
R-V Webex/Tarefas	L.I. Webex	L.C. Tarefas	L.C. Webex	E.F. Webex/Tarefas
L.C. Webex	L.G. Webex	C.N. Webex/Tarefas	L.G. Tarefas	L.G. Webex
E.F. Webex	C.N. Webex	C.S. Webex	PLÁST. Webex/Tarefas	C.S. Webex
C.S. Tarefas	Robot. Webex/Tarefas	L.I. Webex	MUS. Webex/Tarefas	L.I. Tarefas
17:00 – 18:00 TITORÍA PAIS/NAIS				

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao Centro.

Recolleranse segundo o medolo referenciado, os equipamentos da dotación para o alumnado pack indivisible formado ado por un equipo portátil e un kit de conexión composto por un router wifi inalámbrico e unha tarxeta SIM.

*modelo recollida

https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/modelo_acordo_cesion_recollida_equipamento.pdf